



# **PLAN ACOLLIDA**

## **CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia**

## INTRODUCCIÓN

Segundo as Instrucións do 6 de xullo do 2021, da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

## REUNIÓN EXPLICATIVAS ANTES DO INICIO DE CURSO

### **Reunión con a dirección da ANPA**

Durante os meses de xullo e agosto tivemos comunicación constante coa presidenta da ANPA para a organización de madrugadores, extraescolares, enquisa para pasar as familias antes do comezo do curso. Non haberá polo momento madrugadores e as actividades extraescolares serán online, poderá haber modificacións dependendo da evolución da pandemia.

### **Reunión co Concello de Narón:**

Co concello de Narón mantense unha comunicación fluida e o vindeiro 3 de setembro haberá unha reunión para tratar temas relacionados co comezo de curso para xestionar entradas, saídas, desinfección, ... O director acudiu á reunión e explicou aos demais membros do claustros os acordos alcanzados.

### **Reunións a desenvolver durante o curso:**

**Tutorías coas familias:** Os/As titores/as terán ao inicio de curso reunións informativas para explicar como será o desenvolvemento do curso 2020/21 e os posibles escenarios que se podan dar. As tutorías coas familias terán lugar preferentemente por vía telemática ou telefónica. Os titores e titoras tamén facilitarán un correo electrónico de contacto a principio de curso. Nos casos nos que non sexa posible a tutoría telefónica ou telemática, concertarase cita previa para unha tutoría presencial. Habilitarase un espazo que permita manter a distancia mínima e que conte con xel hidroalcohólico. A tutoría será individual e tanto o proxenitor/a como o profesorado farán uso da máscara.

### **Convocatoria e Reunións de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares**

**As reunións do Claustro e de CCP** terán lugar unha aula de primaria da planta baixa por ser o único espazo do centro no que é posible manter as distancias. Durante as reunións todo o profesorado levará máscara e haberá xel hixienizante dispoñible. Se é posible parte das reunións realizaranse de forma telemática, polo que a principio de curso todo o profesorado terá que comprobar o funcionamento da plataforma WEBEX nos seus equipos e pedir asesoramento e formación se é necesario.

**As reunións do Departamento de Orientación** realizaranse na sala de profesores/as por ser de menor composición, polo que durante esta hora deberá manterse libre a sala e terán lugar en horas nas que o profesorado sexa suficiente para non facer agrupamentos ou fóra do horario lectivo, ben de forma presencial ou telemática.

**As restantes reunións: EDLG, Equipo TIC, Extraescolares e complementarias, ...** terán lugar por vía telemática. Todas as convocatorias de reunións serán remitidas por medios

electrónicos e mensaxes telefónicas, do mesmo modo se enviará a documentación necesaria para o desenvolvemento da reunión (documentos a aprobar). Polo que todo o profesorado ten a obriga de facer revisión diaria do seu correo electrónico corporativo.

**As reunións da ANPA** deben priorizar as reunións telemáticas, as que sexan de forma presencial (excepción), deberán gardar todas as medidas sanitarias marcadas polo protocolo da Consellerías de Sanidade e Educación.

**As reunións do Consello escolar** se celebrarán de maneira telemática no caso de ter que facerse de forma presencial cumpriranse as medidas do protocolo Covid.

## **NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

**USO DE MÁSCARA** O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula.

**USO DE CALZADO tipo crocs para cambiar á chegada ao centro.**

## **ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

Os grupos cos que contaremos este ano son:

NIVEL	NÚMERO DE ALUMNADO
4º DE INFANTIL	17
5º DE INFANTIL	15
6º DE INFANTIL	25
1º PRIMARIA	24
2º PRIMARIA	24
3º A PRIMARIA	13
3º B PRIMARIA	13
4º PRIMARIA	18
5º PRIMARIA	19
6º PRIMARIA	21

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLEDE CONVIVENCIA**. O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

**IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.**

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas. Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

## ENTRADA

As 8:50 abriremos o portal

- O alumnado de Educación Infantil con horario de adaptación, seguirá as instrucións dadas polos titores as familias antes do inicio do curso

- O alumnado de Educación Infantil pode entrar acompañado ata a súa zona de espera. Os titores e titoras de Educación Infantil recolleranos na entrada do edificio no seguinte horario:

6º de infantil: ás 8:55 horas.

5º de infantil: ás 9:05 horas.

4º de infantil: ás 9:15 horas.

- O alumnado de 1º, 2º, 3º A e B de Educación Primaria deberá esperar en ringleiras ata o momento da entrada na praza do Concello. Os alumnos serán recibidos polo seu profesor titor/a ou mestre que imparta materia a esahora.

- O alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria accederá as aulas polo paseo, o titor buscará o seu curso e o acompañará aula. Non poderá entrar un grupo ata que remate de entrar o primeiro grupo. Nos casos en que o alumnado chegue tarde esperará ata que entren todos os alumnos e irá a conserxaría e o acompañará o conserxe á aula **NON PODERÁ ACCEDER AO CENTRO NO MEDIO DE OUTRO GRUPO**. Cada grupo entrará no centro detrás do seu titor/a ou especialista cun intervalo de tempo suficiente para que non haxa aglomeracións nas escaleiras. O titor/a ou mestre que será o encargado de aplicar xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna, limpará os pelnas alfombras desinfectantes e se lle tomará a temperatura.

## SAÍDAS

O alumnado de **EDUCACIÓN INFANTIL** sairá escalonadamente a partir das 13:55 horas. - Os/as titores/as acompañará ao alumnado ata a zona de espera das familias.

O alumnado de **EDUCACIÓN PRIMARIA** sairá escalonadamente a partir das 13:55 horas. O profesorado acompañará ata o portal da zona das familias. O alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de primaria sairán de forma escalonada pol mesma porta de entrada. No caso de ter irmáns as familias recollerá nos nenos e nenas máis pequenos polo que os titores poñerán no final da fila o alumnado con irmáns pequenos e no caso dos cursos de educación infantil e cursos baixos poñerán no comezo da fila aos nenos/as que teñan irmáns maiores.

13:55-6º

14:00-5º

14:05-4º.

13:55-3º

14:00-2º

14:05-1º

**Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.**

**Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.**

## FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR

Na planta baixa estarán as aulas de 1º, 2º e 3º A de primaria e no segundo andar estará 3ª B, 4º, 5º e 6º de primaria. O grupo estable de convivencia terá todas as clases na aula de referencia e só se desprazarán ao pavillón na sesión de psicomotricidade ou educación física. O alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria **SEMPRE** sairán acompañado polo titor/a ou mestre especialista a súa zona de recreo será acompañado sairán e entrarán do recreo sempre de forma escalonada. Independentemente do lugar onde teña lugar o recreo e ao finalizar **IRÁN**

DIRECTAMENTE ÁS AULAS, NON PODERÁN PARAR NOS BAÑOS, á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando o aforo. O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido edesinfectado.

## **AGRUPACIÓNS**

En educación Infantil e primaria, a organización do alumnado establecerase ,con carácter xeral, en grupo de convivencia estable ,en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. As agrupacións están recollidas no Plan de adaptación á situación covid. Na aula traballarase en grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanzamento físico de 1.2 metros respecto dos restantes grupos. No caso de traballar en grupos cooperativos que non teñen que ser os mesmos que os colaborativos desinfectaranse as mans ao comezo e remate da actividade.

Alumnado e profesorado titortarán que usar mascarilla de forma obrigatoria dentro da aula e nos desprazamentos polo centro:

Na aula.

No tempo de lecer.

Para ir ao baño no caso do alumnado de Primaria, xa que no caso de infantil hai aseo dentro da aula, tamén fará uso deste aseo no tempo de lecer.

Na saída e entrada do centro

**Uso da biblioteca do centro**, se farán uso da biblioteca da aula baixo a supervisión profesorado titor e na súa hora asignada unha vez á semana.

## **O profesorado especialista fará uso da máscara.**

Os grupos estables de convivencia terán como único espazo para as actividades lectivas a aula asignada, con excepción das horas de psicomotricidade/educación física e nas horas de Valores ou Relixión, que deberán ser desinfectadas e ventiladas durante 5 minutos polo profesorado responsable do grupo antes de que sexa usada por outros alumnos/as.

**A merenda da mañá** tomarase dentro da aula antes de baixar ao patio, o profesorado responsable do grupo nese momento encargarse da limpeza de mans antes e despois e desinfectarase a superficie da mesa usada para a merenda. A partir de 3º de primaria os alumnos poderán participar na desinfección da súa mesa e material baixo a supervisión do titor ou mestre especialista. Para a limpeza de mans usaremos o baño máis preto a aula.

LUNS E MÉRCORES-LÁCTEOS E PAN, PALITOS.

MARTES E XOVES FROITA E PAN, PALITOS.

VENRES-DÍA LIBRE A ESCOLLER ENTRE OS DÍAS ANTERIORES.

Cada alumno/a terá a **súa botella/bote** con auga que traerán cada día da casa na mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos, etc.

## **USO DE MÁSCARA NO CENTRO:**

Usarase SEMPRE (con excepción do alumnado de Infantil por ser menor de 6 anos aínda que será ALTAMENTE RECOMENDABLE O SEU USO) máscara durante:

- Desprazamentos polo centro, de forma individual ou en grupo.
- Nos desprazamentos aos aseos durante as actividades lectivas. Na entrada e saída do centro

Nos recreos.

Na biblioteca.

- Nas reunións de claustro, consello escolar, xuntaselectorais, titorías coas familias, departamento de orientación, etc.
- Nas actividades de Educación Física que non permitan manter a distancia mínima.
- Para o acceso ao centro toda persoa, tanto da comunidade educativa como externa, terá que levar máscara.

### **NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS:**

Reduciranse os eventos, non permitindo o acceso ás persoas alleas ao profesorado e alumnado e sempre que a situación meteorolóxica o permita, serán espazos abertos ou no espazo de maior amplitude do que se dispoña (Pavillón.). En función da situación sanitaria poderá celebrarse o Festival de Nadal no centro, o Entroido e o Festival de Fin de Curso. Usarase se é necesario o pavillón e garantirase que a distancia entre os asistentes sexa polo menos de un metro e medio.

**Evitaranse actuacións nas que teñan que intervir grupos estables mesturados con outros grupos diferentes se non se poden manter as distancias de seguridade e máscaras.**

### **NORMAS PARA O USO DAS AULAS:**

Cada alumno/a terá o seu **material diferenciado** na súa mesa nun estoxo ou lapiseiro no que garde o seu material de forma diferenciada. No caso de que os materiais sexan compartidos (papel 4 horas, textil 48 horas e xogos 24 horas). O alumnado de infantil poderá deixar o material co que este traballando no seu casilleiro. No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo, o alumnado deberá desinfectar (con desinfectante e panodesbotable) a mesa e a cadeira que usaron antes de abandonar a aula. Ademais a aula será ventilada durante 5-10 minutos na entrada, saída e cambio de clase). As ventás, persianas, ordenador, etc de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio. Nos espazos usados por varios grupos o material de uso común debe desinfectarse antes e despois da súa utilización.

**AFOROS:**  
A limitación de aforo para os baños será a 2 usuarios.

No caso da biblioteca o aforo será de 10.

Da dirección de 4.

Sala de profesores e profesoras 6.

### **USO DA BIBLIOTECA:**

Será o profesorado titor o que poderá facer o sistema de préstamo para a súa aula. O alumnado acudirá acompañado por un profesor/a para facer uso do sistema de préstamo. O préstamo de libros farase do xeito habitual pero ao ser devolto permanecerá 24 horas en caixas illadas e identificativas antes de volver aos seus sitios.

Evitarase usar a biblioteca como lugar de traballo e no caso de que sexa necesario estarán sinalizados os postos que poden ser ocupados para manter a distancia de seguridade.

Antes de entrar hixienizarán as mans e na saída farán desinfección dos postos que ocupasen, de ser o caso, e hixiene de mans novamente. Non se usará a biblioteca para xogos de mesa.

### **ASEOS:**

Cando o alumnado faga uso del, o profesorado prestará especial atención a guiar unha correcta hixiene de mans tras o seu uso. Non poderán haber máis dous alumnos/as ao tempo. O alumnado de Primaria poderá facer uso dos aseos do primeiro e segundo andar asignados.

O/a profesor/a responsable do grupo será o encargado de supervisar que o alumnado fai un uso individual deste espazo e que se mantén a hixiene de mans despois do seu uso. Non poderán ir ao baño ao finalizar o recreo, deberán volver á aula e o profesor/a xestionará as quendas.

Usarán máscara no desprazamento e hixienizarán as mans antes de regresar á aula.

### **RECREOS:**

Ningún alumno/a así como docente comerá nin beberá no patio, nin o exterior nin o interior.

- Ás 10:00 sairá 4º de Educación Infantil ao patio de educación infantil.
- Ás 10:30 sairán os dous cursos de 5º de Educación Infantil e xogarán no patio de educación infantil.
- Ás 11:00 sairán 6º de educación infantil, tamén xogarán no patio de educación infantil.

O alumnado de primaria: terá dous turnos de recreo organizado da seguinte forma:

- 1º TURNO: - 11:30 a 12:00 os grupos de 1º de EP farán o recreo no patio de infantil e a zona onde non esta cuberta do patio. - 2º de EP fará o recreo nos patios cubertos e 3º de EP na pista, estes espazos rotarán durante a semana.
- 2º TURNO: - 12:00 a 12:30 os grupos de 4º de EP farán o recreo no patio cuberto - 5º de EP farán o recreo na pista e 6º de EP farán o recreo no patio de area e unha parte do patio.
- Nos recreos de infantil, primaria os titores/as e especialistas farán vixianza.
- Haberá un mestre que controlará o acceso aos baños en educación Primaria.

### **ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.**

• **Creación Equipo Covid** que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021. Este equipo o forma o director do centro, Jose Carlos Pena Bellón, a coordinadora de infantil, Verónica Ramos Basoa e a titora de 4º primaria, Ana Belén Vilar Otero.

#### **Determinación do espazo de illamento COVID:**

Aquelas persoas que se detecten síntomas serán illadas na aula designada. O alumnado estará acompañado por un dos docentes que imparta docencia a dito alumno/a. Este espazo contará con:

- Máscaras cirúrxicas para adultos e infantís.
- Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa deplástico.
- Solución hidroalcohólica
- Panos individuais desbotables.
- -Epis.

Este espazo é seleccionado por ter menor uso que outros espazos do centro, a actividade diaria pode realizarse con total normalidade sen o seu uso. No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID avisará ao persoal de limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección. Antes da súa desinfección sinalizase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixarase con ventilación constante.

### **Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.**

Os titores e titoras serán as responsables de dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do alumnado. Os primeiros días explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas:

- Evitar tocarse ollos, nariz e boca.
- Hixiene de mans (segundo as instrucións que hai en tódolos aseos).

- Tapar a boca cunpanodesbotable ao tusirouesbirrar que se desbotaránun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior. - Manter a distancia física.

- Non compartir o material propio.

En canto ao uso de material de uso compartido (fotocopiadora,ordenadores, encuadernadora, guillotina, plastificadora...) CADA USUARIO desinfectará despois do seu uso con desinfectante de superficies e usará xelhidroalcohólico de mans para o seumanexo.O alumnado a partir de 3º de primaria desinfectará á saída e despois de merendar a súa mesa e cadeira. O profesorado desinfectará o ordenador, teclado, mando a distancia, mesa e cadeira da aula que use unha vez rematada a clase para deixalo listo para o seguinte profesor/a ou para o seguinte día. E usará xelhidroalcohólico de mans para o seumanexo. Sempre que as condiciónsmetereolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible. Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións... realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cadamomento.

### **Xestión de abrochos:**

No edificio de infantil estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en utilizaransecarteis para o lavado de mans, recomendacións...nos corredores,aseos,aulas,... segundo o recollido no Plan de Adaptación covid-19 .

Narón 30/09/2021